

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA PRAZAS ESCOLA INFANTIL : CURSO 2026-2027.- PREINSCRICIÓN.

EXPEDIENTE:2026/S004/000001

O artigo 10 do regulamento de funcionamento e organización do Punto de Atención á Infancia do Concello de Cariño, publicado no BOP nº 25, de 06/02/2017, establece: as solicitudes de novo ingreso realizaránse no modelo oficial (Anexo I) e presentaránse no rexistro xeral do Concello ou pola sede electrónica municipal, en horario de atención ao público, dentro do prazo establecido para tal efecto, que será publicado na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios electrónico e no taboleiro de anuncios do PAI.

Considerando que este Concello vai proceder á apertura do prazo de preinscrición e renovación para o curso escolar 2026-2027 para o Punto de Atención á Infancia (EXPDTE 2026/S004/000001)

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Proceder á apertura do prazo dende o 23/03/2026 ata o 23/04/2026, ámbolos dous incluídos, para a preinscrición e renovación de matrícula para o curso escolar 2026-2027 do Punto de Atención á Infancia.

SEGUNDO: De conformidade co artigo 11.2 do regulamento, as solicitudes de novo ingreso realizaránse no modelo oficial (Anexo I) debidamente asinado, no rexistro xeral do Concello, acompañado da seguinte documentación:

2.- Documentación xustificativa da situación familiar:

*Libro de familia ou nº de rexistro dixital.

*DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia (do pai e nai).

*Certificado de empadramento (no caso de non estar censado no Concello de Cariño, pero algún dos proxenitores ou representante legal teñan os seus postos de traballo no municipio, achegarase certificado de empresa ou da institución correspondente; no caso de estar censado nun concello limítrofe, presentarase certificado de empadramento en dito Concello).

3.- Documentación xustificativa da situación económica:

*declaración da renda ou certificado de exención do ano anterior.

*En caso de desemprego, certificación do INEM, que acredite a situación de desemprego e a percepción ou non de prestación.

4.- Documentación complementaria:

*Título de familia numerosa, se é o caso.

*Informe de servizos sociais, non supostos nos que sexa necesario, por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que vive a unidade familiar.

*No caso de nenos/as con necesidades educativas especiais NEE, informe de organismo competente no que se indique o grao de minusvalía así como a necesidade de integración.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal



**CONCELLO
DE CARIÑO**



TERCEIRO: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e no taboleiro de anuncios do PAI.

En Concello de Cariño, 18 de marzo de 2026

A Alcaldesa

Ana María López Fernández

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Paxina 2 | 2